

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS O PROCEDEMENTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CEIP E ESCOLAS INFANTIS SERRA DE OUTES, GREGORIO SANZ, LUIS SOTO MENOR E PIRINGALLA (PLAN MELLORA LUGO 2014). -----

Sendo as 13:00 horas do día 5 de novembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenenta de Alcalde Delegada, actuando en suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Esther Muñoz Mella, en representación do Partido Socialista PSG-PSOE, don Ángel Trabada Gómez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abraira Sobrado, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana I. Sáez Mancebo da titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión a Sra Presidenta, informando que a mercantil MONCOBRA S.A presentou a documentación requirida pola Mesa de Contratación na sesión celebrada o 17 de outubro sendo correcta; así mesmo informa que a mercantil SOLUCIONES INTELIXENTES PROFESIONALES S.L non presentou a documentación requirida, polo que se acorda excluída da licitación; procedendo a continuación á apertura do sobre B) que contén a oferta económica relativa ós criterios de adxudicación avaliábeis automaticamente co seguinte resultado:

1.- SERVIGAL GALICIA REPARACIONES Y ASISTENCIA S.L, oferta:

- Un incremento de man de obra consistente na nova contratación laboral de 4 traballadores en situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 6 meses no paro a maiores dos establecidos como mínimo na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas e que se adscribirán exclusivamente á execución das prestacións obxecto deste contrato conforme o seguinte cadro:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refª: Acta sobre B)

Asunto:

PERSONAL A CONTRATAR (desde data da acta inicio da obra ou posteriores)		
Nº TRABALLADOR	DURACION CONTRATO LABORAL	XORNADA
1 peón	90 días	completa
2 peón	120 días	completa
3 peón	90 días	completa
4 peón	90 días	completa

- Oferta unha cantidade económica de 10.000,00 euros a maiores da cantidade económica existida como mínimo no prego de prescricións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato.

- Oferta un prezo de 66.700,00 euros máis o IVE (14.007,00 euros) resultando un total de **80.707,00 euros** IVE incluído.

2.- PORTOSAR GALICIA S.L.U, oferta:

- Un incremento de man de obra consistente na nova contratación laboral de **0** traballadores en situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 6 meses no paro a maiores dos establecidos como mínimo na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas e que se adscribirán exclusivamente á execución das prestacións obxecto deste contrato conforme o seguinte cadro:

PERSONAL A CONTRATAR (desde data da acta inicio da obra ou posteriores)		
Nº TRABALLADOR	DURACION CONTRATO LABORAL	XORNADA
0	0	0

- Oferta unha cantidade económica de 1.500,00 euros a maiores da cantidade económica existida como mínima (10.500 euros) no prego de prescricións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato.

- Oferta un prezo de 69.545,45 euros máis o IVE (14.604,54 euros) resultando un total de **84.149,99 euros** IVE incluído.

3.- MONCOBRA S.A, oferta:

- Un incremento de man de obra consistente na nova contratación laboral de **0** traballadores en situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 6 meses no paro a maiores dos establecidos como mínimo na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas e que se adscribirán exclusivamente á execución das prestacións obxecto deste contrato conforme o seguinte cadro:

PERSOAL A CONTRATAR (dende data da acta inicio da obra ou posteriores)		
Nº TRABALLADOR	DURACION CONTRATO LABORAL	XORNADA
0	0	0

- Oferta unha cantidade económica de 931 euros a maiores da cantidade económica exisida como mínima (10.500 euros) no prego de prescricións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato.

- Oferta un prezo de 69.053,59 euros máis o IVE (14.501,25 euros) resultando un total de **83.554,84 euros** IVE incluído.

4.- OBRAS Y SERVICIOS LUGO S.L.U, oferta:

- Un incremento de man de obra consistente na nova contratación laboral de 2 traballadores en situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 6 meses no paro a maiores dos establecidos como mínimo na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas e que se adscribirán exclusivamente á execución das prestacións obxecto deste contrato conforme o seguinte cadro:

PERSOAL A CONTRATAR (dende data da acta inicio da obra ou posteriores)		
Nº TRABALLADOR	DURACION CONTRATO LABORAL	XORNADA
1 peón	180 días	Media xornada
2 peón	180 días	Media xornada

- Oferta unha cantidade económica de 5.000,00 euros a maiores da cantidade económica exisida como mínima (10.500,00 euros) no prego de prescricións

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refª: Acta sobre B)

Asunto:

técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato, facendo un total de 15.500,00 euros..

- Oferta un prezo de 69.194,00 euros máis o IVE (14.530,74 euros) resultando un total de **83.724,74 euros** IVE incluído.

No mesmo acto procédese á elaboración do cadro de puntuacións finais tendo en conta os criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións, co seguinte resultado:

EMPRESA	Nº Traballadores	Aportación de materiais	Oferta económica
Obras y servicios Lugo S.L.	1,85	2	0,59
Servigal Galicia Reparaciones y Asistencia S.L	4	4	2
Portosar Galicia S.L	0	0,6	0,40
Moncobra S.A	0	0,37	0,67

Á vista do cal os integrantes da mesa de Contratación acordan seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa ó alcanzar a maior puntuación, segundo os criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións que rexe a licitación; á presentada pola mercantil **SERVIGAL GALICIA REPARACIONES Y ASISTENCIA S.L.** que propón como prezo do contrato a cantidade de 66.700,00 euros máis o IVE (14.007,00 euros) resultando un total de **80.707,00 euros** IVE incluído.

Oferta un incremento de man de obra consistente na nova contratación laboral de **4 traballadores** en situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 6 meses no paro a maiores dos establecidos como mínimo na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas; e unha cantidade económica de **10.000,00** euros a maiores da cantidade económica exisida como mínima (10.500 euros) no prego de prescricións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato.

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada nas cláusulas sexta (CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONOMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA. COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS) e décima (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA) do prego de condicións, así como os certificados de non ter débedas de carácter tributario ca Axencia Tributaria e ca Tesourería Xeral da

Seguridade Social, unha declaración xurada de non terse dado de baixa na matrícula do IAE; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.



Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA,



Asdo: Rosana Rielo Rozas

O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz

